



1. EMPRAZAMENTO



DATOS XERAIS

Comarca: Rías Baixas. Sector: Ría de Arousa. Municipio: O Grove. Parroquias: San Martiño do Grove ao nordeste, e San Vicente do Grove ao sudoeste. Extensión: 6,15km².

2. CARACTERIZACIÓN

ELEMENTOS NATURAIS



AS FORMAS DO RELEVO

Característico exemplo de costa baixa granítica na que predominan os cantís baixos, microcantís, e praias de cantos e area intercaladas entre numerosos illotes e saíntes rochosos moi fracturados, froito da intensa dinámica erosivo-sedimentaria. Debúxase así unha liña de costa con trazado irregular na que non faltan pequenas enseadas con chairas intermareais cubertas de depósitos areoso-lamacentos como Porto de Meloxo e O Esteiro. Este modelo vese modificado naqueles sectores moi transformados polas infraestruturas portuarias e a expansión urbana como se pode observar especialmente en torno ao núcleo do Grove. A unidade presenta unha paisaxe interior en xeral aplanada no que sobresaen formas onduladas graníticas a modo de relevos residuais chamados "Cons" que alcanzan a súa máxima expresión na cabeceira da conca en altos como o Con de Loureiro de 163m snm. Inclúe oE IX Marismas da enseada do Bao e desembocadura do Umia.

AS UNIDADES LITOLÓXICAS

A maior parte da unidade está composta por rochas granitoides, con afinidade calcoalcalina, do Precámbrico-Silúrico. Trátase concretamente de Granodioritas Tardías Biotítico-Anfibolíticas de gran groso, que son as responsables da existencia dos saíntes costeiros. Entre elas atópanse depósitos cuaternarios que alternan entre depósitos coluviais cara ao interior, e areais nas enseadas como na praia de Lobagueira.

A DIVERSIDADE CLIMÁTICA

A área costeira do Grove inclúese dentro do dominio climático Cálido e Húmido. A temperatura media anual supera os 15°C e as precipitacións acumuladas durante o ano alcanzan valores da orde de 1200mm a 1400mm. Pola súa banda a oscilación térmica sitúase entre 12,5°C e 13,5°C de media anual.

OS SOLOS

Os antrosos ocupan unha parte da unidade, especialmente ao norte xa que é alí onde se localiza o núcleo urbano do Grove e a súa área de expansión. Cara ao sur dominan os cambiosos dístricos que dan paso a chans menos desenvolvidos a medida que se ascende polas ladeiras do Alto Loureiro, principalmente umbrisois dístrico-lépticos e leptosois líticos no cume.


AS AUGAS

A área na que se asenta a área urbana do Grove a penas presenta cursos de auga estables no tempo. Poderían citarse tan só o os arrosos que desembocan na enseada coñecida como O Esteiro, e na praia de Lobagueira, ambas nas Augas Costeiras co código 20150.

O PATRIMONIO NATURAL

Pertence ao IBA Contorna mariña das Rías Baixas. unidade mixta con dominio sedimentario e fronte completamente transformado nalgúns sectores, como o da vila do Grove e o de Porto de Meloxo. Cantís baixos en Punta Cantodorxo, o sector ao SO. do areal de Lobagueira e a Punta da Moreira, desenvolvéndose un hábitat moi degradado de cantís mariños atlánticos (1230), Acompañados de áreas tamén moi transformadas de breixeiros secas costeiras atlánticas (4030). Algo similar ocorre nos pequenos sectores dunares, como as praias de Porto de Meloxo, Rons, Can Roibo e Porto dos Padroneses, nos que aparécenos hábitats case irrecorribles do grupo 21, dunas marítimas atlánticas. O máis importante nesta unidade son os bancos areosos e/ou lamacentos intermareais e submareais (hábitats do 1110 e 1140), en especial, no Esteiro e na enseada de Moreira. Trala enseada de Moreira aparece arboredo autóctono, con formación ripícola (91E0) á que se suman pequenas agrupacións en proceso de recolonización.

ELEMENTOS ANTRÓPICOS



USOS DO SOLO

A unidade presenta una gran superficie ocupada por usos artificiais do chan. Cara ao sur-sudoeste, as edificacións vanse facendo máis dispersas e van deixando paso a terreos cultivados e pastos. Entre eles abundan os produtos tradicionais como a pataca, o millo ou las hortalizas, acompañadas de vides que non están tan ben representadas como noutras áreas do Salnés. Cara á parte meridional as plantacións forestais de eucalipto substitúen ás terras cultivadas, que xa só mantéñense nas marxes das vías terrestres de comunicación, ligadas aos asentamentos de disposición lineal. Entre o arboredo de reforestación aparecen algúns pequenos rodais de frondosas autóctonas. As marismas propias da chaira intermareal aparecen en maior medida no oeste e noroeste da unidade, conformando un banco marisqueiro.

MORFOLOXÍA

En xeral, a unidade presenta unha morfoloxía costeira semicircular convexa na que alternan pequenas áreas de chaira intermareal e promontorios rematados en baixos cantís rochosos, os cales mostran ás veces o seu continuación natural por medio de illotes próximos á costa. No tramo nororiental desta costa, en torno ao porto situado entre Punta Agueira e Punta Peralto, localízase o centro urbano do Grove (NIL): o maior asentamento poboacional da zona. Trátase dun núcleo compacto emprazado xunto á costa, que na súa periferia presenta un crecemento urbano que se mestura coas tipoloxías rurais e se continúa seguindo as principais vías de comunicación. Os núcleos tradicionais situábanse na costa oeste, xunto ao porto de Meloxo (NIL), apoiados na pesca e na industria conserveira da zona.

INFRAESTRUTURAS DE MOBILIDADE

A principal vía de acceso ao núcleo do Grove é a estrada PO-316, procedente da Lanzada, e esta ramifícase nas rúas do centro urbano. Outras vías provinciais dan tamén acceso ao núcleo, especialmente a EP-9101 que polo centro-oeste, enlaza coa mencionada PO-316. Dela parten outras estradas provinciais, como a EP-9102. As EP-9103 e EP-9107 diríxense directamente do núcleo do Grove á zona do porto de Meloxo. Ademais, a zona presenta unhas potentes infraestruturas portuarias, distinguíndose pola súa frota pesqueira de baixura. Estas infraestruturas divídense entre o propio porto do Grove, ao nordeste, e o de Meloxo, cunha gran tradición pesqueira, situado no oeste.

PATRIMONIO HISTÓRICO

O patrimonio cultural desta unidade é abundante e destacado. En canto á arqueoloxía, no municipio recoñecéronse varios depósitos datados en época castrexa e romana. Así, destaca o asentamento de Punta Castrodorxo, nas inmediacións do Grove, o de Currelos do Monte na praia de Lobaxeiras, ou o de Punta Moreiras. A Torre de Escudero de estilo modernista data de 1922 declarada Ben de Interés Cultural, mézclase con outros elementos da arquitectura civil e relixiosa no núcleo urbano de O Grove, destaca a presenza do Pazo Sineiro e numerosas casas e fincas singulares, alonxada do núcleo e nas proximidades do porto de O Grove ubícase a capela de San Antonio Abade; en dirección ao porto de Meloxo sitúase a igrexa de San Martiño e a capela de S. Roque. Xunto a estes elementos, na contorna de Meloxo quedan restos dunha floreciente industria pesqueira que baseou a súa forza na elaboración e conserva dos produtos do mar. Proba de todo este sistema de produción son as casas tradicionais de mariñeiros de Meloxo, xunto ao porto; ou as ruínas das fábricas de salga e conserveiras.

O CARÁCTER E A ORGANIZACIÓN ACTUAL

A unidade presenta un forte carácter mariñeiro, cun núcleo urbano vinculado ao mar, e que nos seus orixes foi unha das zonas industriais na elaboración do peixe para a súa comercialización. Na actualidade, esta herdanza tradicional está a reorientarse ao turismo, aproveitando os recursos naturais con que conta a zona e, sobre todo, a ampla liña costeira, que permite o desenvolvemento de variadas actividades náuticas. A potenciación das súas praias ou dos produtos do mar, en especial o marisco, son os alicerces fundamentais da imaxe desta unidade.

DINÁMICA DA PAISAXE

A evolución da zona fundaméntase no crecemento urbano do núcleo do Grove e no progresivo abandono das actividades económicas tradicionais. Así, a paisaxe de mediados do século pasado presentaba un mosaico de cultivos moito máis amplo que o que pode recoñecerse na actualidade, e agora, este uso foi abandonado, deixando paso aos novos crecementos urbanos das periferias do núcleo principal. Cabe resaltar a antigüidade dos dous portos actuais, que a pesar das remodelacións sufridas, xa existían entón; e das industrias conserveiras e de salga, demostrando o forte arraigamento da pesca na unidade.



RISCOS E IMPACTOS

A completar durante a elaboración dos catálogos e directrices da paisaxe litoral.

3. AVALIACIÓN

VALORACIÓN DA PAISAXE

A forte alteración da contorna é un dos principais trazos da paisaxe. Con todo isto engade en moitas ocasións valor ás paisaxes costeiras, xa que o sistema tradicional de asentamentos mostraba unha adecuación aos recursos naturais e á funcionalidade para a que foron concibidos. Son os crecementos desorganizados e desvinculados do entorno no que se sitúan os que restan calidade ao medio, aparecendo as áreas periféricas do núcleo urbano como zonas desestruturadas do territorio. En conxunto, a área mostra unha gran capacidade de atracción ligada ó seu carácter mariñeiro e tradicional, o que unido ao seu gran patrimonio natural, cultural e gastronómico, danlle un alto valor paisaxístico. Debido á súa forte vinculación ao mar, os puntos de observación localizáronse nas inmediacións das dúas áreas portuarias máis importantes da unidade. A primeira localízase no porto do Grove, e mostra a área de crecemento urbano actual; mentres que a segunda, situada na Punta de Moreira, permite observar a baía e o porto de Meloxo, onde se emprazaron as tradicionais industrias e vivendas de pescadores.



4. PLANIFICACIÓN

OBXECTIVOS DE CALIDADE PAISAXÍSTICA

A completar durante a elaboración dos catálogos e directrices da paisaxe litoral.

ACCIÓNNS

A completar durante a elaboración dos catálogos e directrices da paisaxe litoral.

ÁMBITOS DE REQUALIFICACIÓN

Nesta unidade non se contemplan posibles ámbitos de requalificación.

Lenda / Leyenda

Usos do solo / Usos del suelo

- | | |
|---|--|
|  Chairas intermareais / Llanuras intermareales |  Matogueiras / Matorrales |
|  Marismas / Marismas |  Cultivos e prados / Cultivos y prados |
|  Praias / Playas |  Cultivos frutícolas e de viveiro / Cultivos frutícolas y de vivero |
|  Dunas / Dunas |  Viñedos / Viñedos |
|  Lagoas e humedais costeiros / Lagunas y humedales costeros |  Cultivos baixo plástico / Cultivos bajo plástico |
|  Cantis / Acantilados |  Forestal de repoboación / Forestal de repoblación |
|  Vexetación costeira / Vegetación costera |  Outras formacións arbóreas / Otras formaciones arbóreas |
|  Bosques autóctonos / Bosques autóctonos |  Outras masas de auga / Otras masas de agua |
|  Bosques de ribeira / Bosques de ribera |  Canteira / Cantera |
|  Bosques mixtos / Bosques mixtos |  Artificial / Artificial |
|  Bosques de recolonización / Bosques de recolonización | |
|  Outras formacións de carácter húmido / Otras formaciones de carácter húmedo | |

Asentamentos / Asentamientos

-  Asentamento de carácter fundacional / Asentamiento de carácter fundacional
-  Desenvolvemento periférico / Desarrollo periférico
-  Asentamento funcional / Asentamiento funcional
-  Agregado urbano / Agregado urbano
-  Nova agrupación / Nueva agrupación
-  Outras edificacións / Otras edificaciones

Hidrografía / Hidrografía

Patrimonio / Patrimonio

-  Bens de Interese Cultural / Bienes de Interés Cultural
-  Arquitectura industrial, militar e marítima / Arquitectura industrial, militar y marítima
-  Patrimonio arqueolóxico / Patrimonio arqueológico
-  Patrimonio etnográfico / Patrimonio etnográfico
-  Ptos de observación de conca ampla / Ptos de observación de cuenca amplia
-  Puntos de observación didácticos / Puntos de observación didácticos
-  Puntos de observación / Puntos de observación
-  Faros / Faros

Toponimia / Toponimia

- Toponimia interior / Toponimia interior
- Núcleos de indentidade do litoral / Núcleos de indentidad del litoral**
- Praia / Playa
- Lugares con enerxía de relevo / Lugares con energía de relieve
- Toponimia de costa / Toponimia de costa
- Espazos de interese paisaxístico / Espacios de interés paisajístico**
- Toponimia de portos / Toponimia de puertos












Batimetría / Batimetría

- | | | | | |
|---|---|--|---|---|
|  0 m |  -20 m |  -100 m |  -500 m |  -2000 m |
|  -10 m |  -50 m |  -200 m |  -1000 m |  -3000 m |

Espazos de interese / Espacios de interés

-  Espazos de interese xeomorfolóxico / Espacios de interés geomorfológico
-  Área de interese de Taxón / Área de interés de Taxón
-  Espazos de interese paisaxístico / Espacios de interés paisajístico
-  Espazos de protección de ladeira / Espacios de protección de ladera
-  Rede de Espazos Naturais / Red de Espacios Naturales
-  Liña de dinámica litoral / Línea de dinámica litoral

Sistemas territoriais / Sistemas territoriales

-  Zona aeroportuaria / Zona aeroportuaria
-  Pista de ateraxe / Pista de aterrizaje
-  Lámina de auga do porto / Lámina de agua del puerto
-  Zona portuaria / Zona portuaria
-  Ferrocarril / Ferrocarril
-  AVE / AVE
-  Autoestradas e autovías / Autopistas y autovías
-  Corredores e vías rápidas / Corredores y vías rápidas
-  Outras estradas / Otras carreteras
-  Pistas e camiños / Pistas y caminos
-  EDAR / EDAR



1:20.000

0 100 200 400 600 800 Metros

Sistema de referencia: European Datum 1950, fuso 29
Sistema de referencia: European Datum 1950, fuso 29



